PROPIEDADES TEXTUAIS

1. Adecuación

2. Coherencia.

3. Cohesión.

1. Adecuación

Propiedade textual pola que un texto se adapta á situación comunicativa.

Aspectos a ter en conta:

- Os participantes e as relacións existentes entre eles.
- O tema e o enfoque dado (carta, anécdota, conferencia, ...).
- Canle de transmisión: oral, escrita, teléfono, ...
- Intención comunicativa: informar, persuadir,....
- Situación concreta na que se produce: lugar e finalidade.

TIPOS DE REXISTROS LINGÚÍSTICOS SEGUNDO A SITUACIÓN COMUNICATIVA.

Rexistro formal

- Discurso ordenado e ben organizado.
- Pronunciación coidada.
- Corrección lingüística.
- Vocabulario especializado e uso de tecnicismos.
- Sintaxe complexa: subordinación, ...

Rexistro informal

- Discurso fragmentado e con interrupcións..
- Pronunciación descoidada.
- Expresividade moi marcada (enunciados interrogativos e exclamativos).
- Frases feitas, repeticións e palabras "comodín".
- Sintaxe sinxela, oracións breves, e, ás veces, incompletas.

2. Coherencia

Propiedade textual que permite que os enunciados do texto se organicen arredor dunha idea principal, seguindo unha orde lóxica.

Características:

- Claridade expositiva.
- Organización dos contidos.
- Progresión temática.
- Ausencia de contradicións entre as ideas.
- Ausencia de repeticións de ideas.
- Uso correcto da puntuación.
- Boa disposición da información en parágrafos.

2. Coherencia

- Hai unha progresión temática. Teñen que manter unha orde clara.
- A coherencia permite distinguir as diferentes partes dun texto.
- Xeramente distinguimos 3 partes:

Introdución

Nó

Desenlace

3. Cohesión

Propiedade textual que fai que os enunciados se relacionen entre si mediante mecanismos lingüísticos.

Elementos de cohesión:

- Cohesión gramatical.
- Cohesión léxico – semántica.
- Conectores e/ou marcadores textuais.

3.1. COHESIÓN GRAMATICAL

Elipse

- Eliminación de algúns elementos do texto. Pode ser elipse nominal, adxectival, adverbial ou verbal.
  - *(Nós) Non sabemos cando vai vir. // Sabe tanto coma ti (sabes).*

Deixe

- Substitución de algún elemento por certos adverbios, demostrativos ou flexión verbal de tempo (deixe temporal e espacial) ou por varios pronomes persoais, posesivos, etc. (deixe persoal). Distinguimos:
  - Anáfora: AN (antes nome e despois o elemento deíctico).
    - *O teu cuarto está arriba. Alí descansarás ben.*
  - Catáfora: antes o elemento deíctico e despois o nome.
    - *Xa me dixo iso: que non poderiamos ir ao cine.*

3.2. COHESIÓN LÉXICO - -SEMÁNTICA

Repetición de palabras

- Debe evitarse o abuso do elemento.
  - *O can chegou cando ninguén a esperaba. Ninguén contaba con ela e moito menos tendo en conta que miña nai aborrecía o can do veciño.*

Uso de antónimos

- Elementos con significados opostos.
  - *Ás veces as máis grandes mentiras xorden das pequenas escusas.*

Uso de sinónimos

- Uso de termos con significados iguais ou semellantes en certos contextos.
  - *Vou mercar outro automóbil. O meu coche está avariado e vouno cambiar.*

3.2. COHESIÓN LÉXICO -SEMÁNTICA

Hiperonimia

- Consiste no emprego dunha unidade léxica de maior comprensión semántica por unha de maior extensión.
  - *O merlo está na póla. O paxaro permanece inmóbil a pesar do ruído.*

Campo semántico

- Presenza de elementos dun mesmo campo semántico.
  - *A avenida de Castelao é a rúa máis concorrida de Vigo. Enlaza coa estrada de Pontevedra polo leste e coa AP-9 polo sur.*
-

3.3. CONECTORES E/OU MARCADORES TEXTUAIS.

Explicativos

- Explican: É dicir, isto é, ou sexa, ...

Rectificativos

- Máis ben, mellor dito, ...

Organizadores/ De orde.

- Axudan a ordenar as diferentes partes do texto.
- En primeiro/segundo/terceiro lugar, por unha parte/ por outra parte, dunha banda/ doutra...,a continuación, posteriormente, ...

3.3. CONECTORES E/OU MARCADORES TEXTUAIS.

Digresores

- Introducen outro tema que pode ter que ver ou non co tema principal.
- Dito sexa de paso, por certo, entre paréntese, a propósito, canto a, a respecto de, ...

Distanciadores

- Introducen a pouca relevancia que se lle quere dar ao dito anteriormente.
- En calquera caso, de todas as maneiras/formas, de todos os xeitos.

Conclusivos/ Recapitulativos.

- Introducen unha recapitulación ou conclusión do dito anteriormente.
- En resumo, en conclusión, en defnitiva, en síntese, ...

3.3. CONECTORES E/OU MARCADORES TEXTUAIS.

Causais

- Sinalan a razón ou causa: Porque, pois, posto que, dado que, por culpa de, por mor de, xa que, debido a, ...

Consecutivos

- Indican as consecuencias: polo tanto, así pois, por conseguinte, en consecuencia, daquela (polo tanto), xa que logo, por iso, de aí que, logo (polo tanto),...

Concesivos

- Aínda que, a pesar de que, aínda cando, pese a que, se ben, por máis que, ...

3.3. CONECTORES E/OU MARCADORES TEXTUAIS.

Aditivos:

- Engaden información: tamén, incluso, mesmo, e, nin, aínda máis, do mesmo xeito, aínda por riba.

Exemplificativos

- Exemplifican: Así, por exemplo, en particular, ...

De contraste e oposición/ Adversativos.

- Opoñen dúas ideas: pero, mais, non obstante, porén, agora ben, con todo, aínda así, de todas as formas, emporiso, aínda que, malia que, se ben, ao contrario, polo contrario, pola contra.